

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	26

1. Introducción

Esta programación didáctica foi deseñada para se desenvolver no IES do Milladoiro sito no concello de Ames. A meirande parte do alumnado provén de centros públicos e concertados do Milladoiro e da súa contorna aínda que hai un crecente número de discentes procedentes da inmigración de diversos países de América e en menor medida de diversas nacionalidades europeas.

Tendo en conta que a finalidade da educación é contribuir a que o alumnado acade un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade; A relixión como feito inherente ao ser humano derivado da súa condición social, é fundamental neste proceso xa que da resposta a necesidades que van mais alá das ciencias empíricas dentro do respecto ao conxunto de valores nos que a persoa nace e que se denomina tradición.

O currículo de Relixión Católica contribúe á educación integral e responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, á vez, introduce aos estudantes na realidade á luz dunha hipótese ofrecida pola historia e a tradición promovendo o recoñecemento dun sentido da existencia en coherencia co propio desenvolvemento psicolóxico e evolutivo.

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación para os seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación. Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria.

O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de re-imaginar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

Facilítase unha aprendizaxe competencial dos contidos aprendidos, de maneira que as aprendizaxes sexan útiles para a vida dos alumnos, contribuíndo á súa formación integral e á súa inserción social.

O deseño desta programación enmárcase nun modelo educativo de tipo constructivista, que entende a educación como un proceso que pon ás/ós alumnas/os en condición de revisar, modificar e reconstruír as súas categorías e estruturas mentais, para reinterpretar e reconstruír significativamente a realidade.

Trataremos de ter presente a realidade do noso alumnado de formación sociocultural media que nalgúns casos se atopa entre a increencia e a indiferenza.

Pretendemos que, mediante a adquisición dunha serie de coñecementos, competencias, destrezas, valores e

actitudes, o alumnado desenvolva a súa capacidade reflexivo-crítica, para chegar a ser efectivamente críticos, responsables e comprometidos coa realidade en que están inmersos.

Dende a área de Relixión pretendemos facer un aporte á dimensión do SABER, pero sen esquecer e fortalecendo e potenciando sobre todo a dimensión do SER.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do «Reino de Deus», para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O ser humano faise preguntas	O ser humano necesita da sociedade para desenvolverse. De acordo co proxecto cristián Deus coida de cada persoa. Nesta situación de aprendizaxe o alumando reflexiona sobre esa rede de coidados derivada deste proxecto.	12	4	X		
2	Un modelo que transforma	A interioridade das persoas e o lugar no que se fraguan todos os vínculos. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado reflexiona sobre a espiritualidade relixiosa e as dimensións de autocoidado que aporta.	17	5	X		
3	Obras son amores	O coidado e a axuda mutua acompaña ao ser humano dende o principio dos tempos. Hai produtos culturais e institucións que se ocupan de coidar o ser humano. Todos somos responsables de todos. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado será consciente disto reflexionando sobre a realidade e sobre eses lugares de coidado.	24	8		X	
4	O mellor dos encontros	Tomamos decisións no presente con consecuencias para o futuro persoal e/ou colectivo. Os desafíos colectivos da humanidade e a visión cristiá do futuro e da historia adopta esta perspectiva. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado coñece e reflexiona sobre a importancia de adoptar decisións para un futuro mellor para todos.	12	4		X	
5	Facendo visible o invisible	Xesús pediu aos seus discípulos que continuaran a súa misión de coidar ao ser humano. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado coñece a Misión de Xesús reflexionando sobre os pequenos xestos, a	35	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Facendo visible o invisible	hospitalidade e a vontade de atender aos mais necesitados, valorando así a importancia de coidar o que temos, a hospitalidade e o voluntariado.	35	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O ser humano faise preguntas	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Comprende que a relación persoal con Deus é un elemento fundamental na visión crente do ser humano. Identifica a Revelación cristiá nas diversas modalidades.	TI	100
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Incorpora no seu proxecto persoal valores de coidado propio e servizo como parte da responsabilidade moral cun mesmo, segundo o mandamento do amor para dar sentido á propia vida. Afonda no sentido da vida.		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Recoñece os vínculos de coidado que establecemos cos demais e cos seres vivos e analiza a realidade para discriminar actitudes e comportamentos que respondan á comprensión cristiá de coidado e servizo ao necesitado.		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Promove valores ecuménicos e o coñecemento doutras confesións. Propón accións concretas para eliminar a dor e o sufrimento das persoas.		
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Reflexiona sobre a felicidade en resposta ás preguntas polo sentido. Identifica a raíz bíblica e teolóxica que fundamenta o servizo e relacionao con outras tradición relixiosas.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Afondar no diálogo da ecoloxía integral coa reflexión científica en consoancia con outras tradicións culturais e cosmovisións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático. - A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
2	Un modelo que transforma	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Recoñece todas as dimensións persoais que desde a perspectiva cristiá, expresada dende o relato da xénese hai que coidar para unha formación humana integral	TI	100
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Vincula a persoa e a mensaxe de Xesús coa necesaria mirada ás necesidades dos outros á hora de definir o proxecto de vida. Identifica o proxecto de vida doutras relixións. Identifica as respostas ao sentido da vida noutras relixións.		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Reflexiona sobre a repercusión nos outros do coidado integral persoal. Identifica o coidado noutras relixións. Recoñece a importancia de coidar a natureza.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándooas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Relaciona ritos, libros sagrados e tradicións coas relixións. Identifica expresión culturais que ofrecen respostas tradicionais. Relaciona expresións culturais e artística co canon de beleza no contexto histórico.		
CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro.	Recoñece o valor da espiritualidade. Valora a espiritualidade para favorecer a convivencia. Valora o diálogo espiritual entre diversas confesións espirituais.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Identifica e pon en diálogo as contribucións da espiritualidade relixiosa cos paradigmas científicos e o benestar físico e a ecoloxía integral. Valora o saber relixioso doutras confesións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Valor das prácticas espirituais do monacato, a mística e a devoción popular. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros. - O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos.

UD	Título da UD	Duración
3	Obras son amores	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Descubre nos textos de referencia da antropoloxía cristiá o carácter sacro do vínculo que nos une aos demais e comprende a encarnación de xesús e as súas consecuencias. Recoñece a historia de Xesús.	TI	100
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Valora a cooperación e a axuda fronte á competición como comportamento desexable para o desenvolvemento persoal e social.		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Valora os vínculos sociais e interxeracionais para promover o desenvolvemento integral.		
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Achega e analiza as necesidades e as propostas de coidado dentro da súa realidade mais próxima. Analiza relatos evanxélicos para comprender o sentido do compromiso cristián.		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Valora respostas cívicas a cuestións de prevención e coidado á luz do Maxisterio da Igrexa. Contrasta o paradigma científico co visión cristiá.		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece en obras literarias a expresión da comprensión cristiá da natureza e das relacións. Valora o sentido de pertenza á tradición cristiá.		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Vincula a misión da Igrexa coa experiencia dos primeiros discípulos de Xesús. Afonda no coñecemento da misión da Igrexa, a súa organización e o seu servizo á sociedade. Recoñece a Igrexa como comunidade de cristiáns unidos polo vínculo do amor.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Recoñece a incapacidade das ciencias empíricas para obter respostas sobre as relixións. Pon en diálogo as contribucións das ciencias naturais e as ciencias sociais valorando a súa complementariedade coa tradición bíblica e a ecoloxía integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

Contidos

- Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana.
- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.
- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.
- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.
- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo.
- Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas.
- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.
- Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.
- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.
- Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta.
- Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.

UD	Título da UD	Duración
4	O mellor dos encontros	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Expresa a importancia dos Dons recibidos e da vocación persoal á hora de pensar no futuro persoal e colectivo inspirándose na relación de Xesús co seu Pai.	TI	100
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Reflexiona sobre os desafíos futuros ecolóxicos e sociais da sociedade e a responsabilidade anticipatoria do ser humano contemporáneo á luz do Maxisterio da Igrexa.		
CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.	Expresa creativamente a súa visión dos riscos, desafíos e esperanza no futuro propio e da humanidade. Respecta as diferenzas entre persoas e comunidades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece os xéneros literarios e expresións artísticas relacionadas coa relixión. Valora a contribución das expresións artísticas, éticas e estéticas para desenvolver o sentido de pertenza a unha tradición cultural.		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Recoñece a contribución do cristianismo na cultura e o arte. Identifica obras de arte e textos da Biblia como fonte de coñecemento cultural.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Identifica os dereitos humanos cos valores cristiáns. Relaciona o saber relixioso con outras disciplinas científicas na busca de sentido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais. - Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural. - Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián.

UD	Título da UD	Duración
5	Facendo visible o invisible	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Identifica a importancia da confianza nun mesmo, nos demais e en Deus para a elaboración do proxecto vital. Valora a existencia dun proxecto vital propio. Reflexiona sobre o talento para configurar un proxecto vital. Valora o acompañamento no proceso de decisión do proxecto persoal.	TI	100
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Reflexiona sobre a importancai do autocoidado, a confianza e a axuda mútua para a saúde física e mental. Valora o respecto e a gratitude. Comprende a acollida e a hospitalidade como recoñecemento á dignidade humana. Identifica o sentido cristián da compaixón e o perdón.		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Investiga sobre persoas e institucións que se comprometen cos demais en situacións de emerxencia como expresión de servizo aos desfavorecidos. Coñece as razóns, xestos e costumes de acollida e hospitalidade das diferentes tradicións relixiosas ou culturais. Valor do voluntariado.		
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Descobre nas palabras e accións de Xesús a razón da compaixón ante o sufrimento dos outros.		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Analiza os desafíos da humanidade á luz da doutrina da Igrexa. Coñece iniciativas sociais e eclesiais que contribúen a tecer redes de coidados.		
CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.	Recoñece o valor da unidade respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Relaciona expresións bíblicas xurdidas dunha cultura nómada con categorías teolóxicas que expresan o amor de Deus. Analiza unha obra de arte comprendendo o significado relixioso que transmite. REcoñece achegas culturais de inspiración cristiá de admiración e coidado da natureza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Coñece os puntos en común de diferentes tradicións relixiosas na concepción do carácter sacro da natureza.		
CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro.	Entende o ecumenismo como un movemento que busca a unidade de todas as ramas do cristianismo. Coñece experiencias de diálogo interrelixioso.		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Identifica a orixe da comunidade cristiá no anuncio e testemuño da memoria da entrega de Xesús. identifica a misión universal da Igrexa respectando a diversidade cultural dos integrantes. Afonda na misión da Igrexa e a súa achega á sociedade. Aprecia as súas celebracións e a caridade nota distintiva		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo. - Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural. - Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Valor das prácticas espirituais do monacato, a mística e a devoción popular. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común.

Contidos

- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián.
- Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta.
- Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.
- Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros.
- O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos.
- A esperanza cristiá e a santidad.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias clave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítanlles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan unha ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución conleve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supoñer a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propoñer tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes. Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire unha insubstituíble responsabilidade á figura do docente

cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos para seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia. As orientacións metodolóxicas e para a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Recursos persoais: todos os profesionais do centro educativo, dende o profesorado da materia ata o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

Recursos materiais: todo o material dixital interactivo amais de recursos TIC didácticos e complementarios. Traballaremos coa pizarra tradicional, coa dixital, a aula virtual, documentos dixitalizados e online. Contamos cun libro de texto como ferramenta para facilitar a aprendizaxe dos estudantes proporciona un recurso estruturado e completo que brinda a posibilidade de estudar de xeito autónomo que non será obrigatorio mercar. Entregaranse fotocopias, mapas e mapas conceptuais cando sexa preciso. Manexaremos con asiduidade a Biblia, así como fotocopias, textos, mapas ou outros que poderán ser proporcionados pola profesora e outros de reforzo, afondamento ou consulta segundo corresponda a criterio da docente en atención á diversidade e ás necesidades educativas do grupo. Contaremos con material de apoio e bibliografía de consulta na biblioteca.

Recursos tecnolóxicos: Pcs e outros dispositivos móbiles e audiovisuais, foros de discusión, tests, vídeos, infografías, ebooks, Plantillas, webinars, lives, redes sociais, blogs, podcasts, audiolibros videografías ou screencast, etc...

Recursos dixitais: plataformas. Aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, Youtube, padlets, taboleiros virtuais, Kahoots, Socrative, plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe. Todo o alumnado está matriculado na aula virtual. A entrega das actividades realizadas polo alumnado efectuarase, con carácter xeral, na aula virtual a través dos apartados

habilitados pola profesora en cada unha das unidades.

Recursos espaciais: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorios, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), parte traseira do edificio, contorna e zona perimetral externa do IES para o desenvolvemento de actividades e dinámicas que requiran doutros espazos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Entendemos a avaliación como proceso continuo, regulador, orientador e autocorrector, na medida que proporciona información sobre a adaptación do proceso educativo ás necesidades ou posibilidades dos alumnos e alumnas, favorecendo a modificación daqueles aspectos que sexan causa de desaxustes. Os docentes tamén debemos avaliar os propios procesos de ensino e a nosa práctica docente en relación ás intencións educativas e aos obxectivos planificados. Para isto utilizaremos tres tipos de avaliación que se aplicarán sucesivamente:

Avaliación inicial ou diagnóstica. Para coñecer o grao de coñecementos, desenvolvemento e aptitudes do alumno/a no momento de iniciarse a súa aprendizaxe. Con ela poderemos adaptar a aprendizaxe ao nivel de maduración de cada alumno facilitando a observación dos seus progresos futuros. Entregaremos ao alumnado un cuestionario de preavaliación no mes de setembro para identificar o punto de partida.

Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial.

Realizarase unha proba escrita específica durante as primeiras semanas de curso para diagnosticar a situación de partida, coñecer as competencias coas que chega o alumnado e detectar os casos que precisen de atención á diversidade.

Os contidos desa proba serán os axeitados aos obxectivos e contidos do curso.

Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas ou de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple; sendo de carácter informativo e carecerá de validez para a cualificación final.

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumno, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	17	24	12	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para obter a cualificación aplicaranse os instrumentos de avaliación sinalados anteriormente. O valor numérico ben definido polos seguintes aspectos:

- 1) Valor de ponderación cuantitativa: traballos e/ou probas específicas orais ou escritos 50% cuantitativos
- 2) Valor de ponderación cualitativo: Producción, actividades, desenvolvemento de condutas, expresión, participación e responsabilidade 50% cualitativos

Como probas específicas enténdense todas aquelas indicadas pola docente a fin de avaliar de xeito obxectivo os coñecementos tras aplicar os instrumentos de avaliación. A Producción refírese ao rendemento froito do traballo diario das actuacións e procedementos desenvolvidos. Valórase preferentemente a participación o interese, atención,

creatividade e responsabilidade. O uso de táboas de indicadores permite que o alumnado participe neste proceso de cualificación. O comportamento non é avaliable.

A avaliación da aprendizaxe será continua, de xeito que a cualificación final da materia corresponderase e coincidirá coa da avaliación final. Para garantir unha adecuada sistemática da mesma, no caso de que a cualificación obtida sexa inferior a 5 ou de que non fora posible avaliar, poderase realizar unha única proba final ou varias, segundo se considere, con idénticos contidos e criterios de avaliación coa posibilidade de ser substituída a criterio da profesora por un ou varios traballos orixinais e individuais nas mesmas condicións.

A práctica do redondeo á alza na cualificación límitase á última avaliación. En ningún caso se poderá aplicar na primeira ou segunda avaliación a excepción de casos concretos derivados de circunstancias específicas e xustificadas.

Cando se traballe con aprendizaxe cooperativa tamén serán obxecto de ponderacións a consecución de obxectivos, compromisos persoais ou o exercicio do cargo en cada un dos plans de equipo realizados dentro dos apartados de produción e conduta.

En caso de ausencias inxustificadas ou relacionadas con condutas irresponsables, dado o reducido número de sesións desta materia, haberá que acreditar a produción correspondente á sesión omitida do xeito que se acorde coa docente a instancia do causante.

Hai que engadir 1 punto á cualificación final da avaliación se o alumno/a demostra a lectura dun dos libros propostos para lectura voluntaria, podendo chegar a engadir 0.5 puntos adicionais por cada novo libro que acredite ter lido.

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

A avaliación será continua, cada avaliación parcial suspensa quedará superada se aproba a seguinte. No caso de chegar á terceira avaliación coa materia suspensa, a docente poderá levar a cabo una proba que verse sobre toda a materia ou esixir a entrega de tarefas específicas.

As actividades de todo o alumnado serán deseñadas pola docente respectando os contidos e estándares de aprendizaxe e facendo uso dos materiais e recursos didácticos indicados no apartado 4.2 da programación. Deberá partir dos intereses do alumnado e das necesidades observadas, respectando a diversidade e individualidade.

Darase preferencia a actividades onde o alumnado adopte una actitude activa e participativa que fomenta o uso das TICs, da aprendizaxe cooperativa mediante metodoloxías que potencien a aprendizaxe baseada no pensamento visual ou de problemas, na clase invertida, gamificación, kahoots ou tarefas interactivas.

No periodo entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria o traballo do alumnado será individualizado de xeito que os alumnado que necesite reforzo reciba axuda nas dificultades que teña e poida superalas e os alumnado que teña superadas as tres avaliacións realice actividades de ampliación de forma máis lúdica.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que haxa alumnos coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade que establece un Plan de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar para cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Neste plan de reforzo adaptaranse ás particularidades de cada caso os obxectivos da materia e as competencias específicas que debe incluír canto menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Este plan persoalizado adaptado ás necesidades individuais consistirá en a actividades ou traballos guiados e supervisados trimestralmente. Pode rematar cunha proba que versará sobre estes saberes básicos.

Se a cualificación resultante fose inferior a 5 poderá volver a examinarse na convocatoria ordinaria nas condicións establecidas. En calquera caso os mínimos esixibles para a superación desta materia serán os propios do nivel que lle quedara pendente.

Os materiais de reforzo ou adaptación para a materia pendente serán, con carácter xeral, os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno/a. Este departamento poderá establecer outros materiais de reforzo para acadar os obxectivos se o estima oportuno.

En cada sesión de avaliación levarase a cabo un seguimento deste plan, efectuando axustes se son pertinentes. Na sesión de avaliación final para superar a materia pendente deberá ter superado o plan de reforzo.

6. Medidas de atención á diversidade

A Educación Secundaria Obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente.

Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias e fomentarse a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. A fin de promover o hábito da lectura, si no Plan Lector do centro aparece recollido, dedicarse un tempo á mesma na práctica docente desta materia.

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles para a adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade das alumnas e alumnos como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborarase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria. Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais. - Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a centros de culto, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

- Establecer colaboracións con outras institucións (Igrexa, Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser o emprego dos materiais aportados por fundacións como Cáritas, Manos Unidas...

- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos pode ser o Plans Proxecta+, entre outros.

Ademais, para ser fieis á singularidade de cada alumno e alumna trataremos de:

- Escoller en cada caso o máis apropiado propoñendo variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades. Diferenciamos contidos prioritarios dos outros complementarios e de ampliación.

- Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

- Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.

- Favorecer equipos na clase que possibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados polos mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.

- Para alumnos máis motivados faranse actividades de ampliación que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.

- Para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe ofreceranse actividades sinxelas, breves e de reforzo coa intención de prestarlles todo o apoio que precisen.

Trataremos de adaptar as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación á realidade e necesidade do noso alumnado, respectando as pautas específicas e medidas organizativas establecidas para este curso explicadas nas sesións de avaliación inicial.

Unha vez detectadas as necesidades deste alumnado aplicaremos o que corresponda conforme ao establecido nos protocolos do IES de acordo co disposto no PXAD do IES do Milladoiro aprobado o 14/06/17 na CCP e que se atopa na web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/865>

Tamén se terán en conta outros protocolos establecidos pola Xunta de Galicia:

- Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia.

- Protocolo de identidade de xénero.

- Protocolo de Protección de datos.

- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

- Sobredotación intelectual

Relación de protocolos e pautas mais comúns para dar resposta a necesidades concretas:

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700>

- Orientacións e respostas educativas: Alumnado con sobredotación intelectual

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144>

- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546>

- Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro):

<http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146>

- Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656> <http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/>

- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar

<http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410>

- Programas e plans:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412>

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/3791>

Para traballar a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, intereses e capacidades dos alumnos para este curso, sirva como exemplo a seguinte relación:

Actividades multinivel: posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitábase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a. Desta maneira favorécese unha división de tarefas entre os alumnos acorde aos seus intereses ou habilidades.

Traballos de investigación: traballos que permiten a ampliación na temática. Destacan os previstos en paralelo aos «Testemuños».

Lecturas e consultas de forma libre: moi útiles para ampliar o contexto e ofrecerlle ao alumnado un acicate para o achegamento ás fontes bíblicas.

Resulta moi útil para facilitar a lectura e consulta autónoma de glosarios. Destacan as biografías dos personaxes relacionados coas unidades, nas que se atopa información sobre eles e o seu labor.

Na biblioteca do centro hai libros de lectura a proposta deste departamento para que sexan lidos voluntariamente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X

Observacións:

Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presente na aula de xeito permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Apostamos por un enfoque preventivo e transformador, tratando de impulsar un cambio en determinadas actitudes do alumnado e que á súa vez fomenten valores socialmente desexables en consonancia cos valores cristiáns.

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinidade o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación con outras disciplinas.

Coidaremos escrupulosamente o uso da linguaxe revisando os textos, vídeos, páxinas web e ilustracións, a fin de evitar calquera elemento que poida atentar contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos. A área de formación relixiosa préstase especialmente para traballar estes temas en todos e cada un dos cursos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a centros de culto, voluntariado, museos e exposicións.	X	X	X
Saídas á contorna	Coñecer o patrimonio natural, social e cultural mais próximo.	X	X	X
Charlas formativas	Asociacións, profesionais de diversos ámbitos e institucións.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, prácticas sostibles.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar ou festas cristiás.	X	X	X

Observacións:

O departamento de Relixión ten intención de organizar, participar e colaborar, en coordinación con outros departamentos, nas actividades complementarias e extraescolares que sexan viables. Esta colaboración e participación abrangue as celebracións da zona, do propio IES, as sinaladas no calendario escolar así coma outras de especial interese xa que potencian o desenvolvemento académico e cultural do alumnado, amplían os seus coñecementos, fomentan actitudes de convivencia e relación entre compañeiros, e promoven novos vínculos, valores e actitudes específicos da educación e da súa formación como persoas amais de potenciar a súa autonomía persoal.

Obxectivos:

- Ampliar o horizonte cultural do alumnado.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.
- Fomentar a autonomía.
- Coñecer e familiarizarse con acontecementos culturais que habitualmente non se ofrecen nos medios de comunicación de masas.
- Conseguir mellorar as súas competencias básicas en contextos distintos.
- Complementar o currículo das diferentes áreas.
- Fomentar as inquiredanzas culturais no alumnado e contribuír ao seu desenvolvemento mediante actividades lúdicas.
- Favorecer o desenvolvemento de temas transversais.
- Desenvolver no alumnado valores de liberdade, responsabilidade, solidariedade e espírito crítico, fomentando as súas habilidades sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A1. PROCESO ENSINO. 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación

Metodoloxía empregada
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
A2.PRÁCTICA DOCENTE. 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
19. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
Medidas de atención á diversidade
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

Outros
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos mínimos
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
18. O profesorado mantívose actualizado en aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia e no uso das tecnoloxías.

Descrición:

A través de PROENS realizarase o seguimento para a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente durante todo o curso. Ademais aplicaranse dous tipos de procedementos:

A) Unha avaliación de progreso:

1. Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e actividades á realidade do alumnado, necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
2. Valorarase tal axuste nos informes de Departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.

B) Unha avaliación final:

1. Prestarase moita atención ao porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa relixión sen aprobar.
2. Os resultados e as conclusións, así coma os problemas que se detecten recolleranse na memoria final de curso a fin de telos en conta e adoptar as medidas que correspondan para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Aplicarase unha táboa cos items que se numeran a continuación en escala 1.2.3.4. na que se anotarán os resultados. Do mesmo xeito avaliaremos a programación didáctica e o grao de desenvolvemento e necesidades de modificacións.

B- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

Periodicidade coa que se revisará.

Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.

Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Avaliación da programación didáctica Indicadores

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos obxectivos para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada obxectivo.
6. Asignación a cada obxectivo do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada obxectivo a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada obxectivo cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial.
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos mínimos.
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, obxectivos e instrumentos.
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
31. Observacións

INDICADORES DO GRAO DE DESENVOLVEMENTO E DA NECESIDADE DE MODIFICACIÓNS

1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas
 2. Respetar a secuenciación prevista dos contidos para cada unha das unidades.
 3. Respetar o grao mínimo de consecución dos saberes básicos fixado.
 4. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.
 5. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.
 6. Utilizar o libro de texto como material didáctico fundamental.
 7. Respetar o plan de avaliación inicial fixado.
 8. Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.
 9. Respetar os criterios establecidos para as recuperacións.
 10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación final.
 11. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
 12. Respetar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
 13. Respetar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.
 14. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias
 15. Informar ao titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.
 16. Adecuar os exames aos obxectivos establecidos.
 17. Realizar as actividades complementarias previstas.
 18. Informar ás familias sobre criterios de avaliación e contidos mínimos.
 19. Informar ás familias sobre os criterios de promoción.
 20. Contribuír desde a materia ao plan de lectura do centro.
 21. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.
 22. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación
- 1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente; 2, desenvolvemento deficiente; 3, desenvolvemento aceptable; e 4, desenvolvemento esperado e desexado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, completando os datos que aparecen na mesma. Efectuaranse modificacións de consideralas pertinentes en función dos factores que as esixan e da natureza das mesmas. Levarase a cabo o seguimento que será rexistrado mensualmente nas actas do departamento. O resultado permitiranos confirmar ou modificar a programación no vindeiro curso.

Para avaliar a programación didáctica e o grao de desenvolvemento e necesidades de modificacións aplicarase unha táboa cos items que se numeran a continuación en escala 1.2.3.4. na que se anotarán os resultados.

B- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

Periodicidade coa que se revisará.

Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.

Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Avaliación da programación didáctica Indicadores

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos obxectivos para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada obxectivo.
6. Asignación a cada obxectivo do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada obxectivo a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada obxectivo cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial.
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos mínimos.
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, obxectivos e instrumentos.
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
31. Observacións

INDICADORES DO GRAO DE DESENVOLVEMENTO E DA NECESIDADE DE MODIFICACIÓNS

1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas
2. Respetar a secuenciación prevista dos contidos para cada unha das unidades.
3. Respetar o grao mínimo de consecución dos saberes básicos fixado.
4. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.
5. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.
6. Utilizar o libro de texto como material didáctico fundamental.
7. Respetar o plan de avaliación inicial fixado.
8. Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.
9. Respetar os criterios establecidos para as recuperacións.
10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación final.
11. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
12. Respetar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
13. Respetar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.
14. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias
15. Informar ao titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.
16. Adecuar os exames aos obxectivos establecidos.
17. Realizar as actividades complementarias previstas.
18. Informar ás familias sobre criterios de avaliación e contidos mínimos.
19. Informar ás familias sobre os criterios de promoción.
20. Contribuír desde a materia ao plan de lectura do centro.
21. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.
22. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación

1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente; 2,desenvolvemento deficiente; 3, desenvolvemento aceptable; e 4, desenvolvemento esperado e desexado.

9. Outros apartados